






Informe da  
situación da **muller** no mercado  
de traballo galego





Informe da  
situación da **muller** no mercado  
de traballo galego



**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Traballo  
Dirección Xeral de Formación e Colocación  
Instituto Galego das Cualificacións

**Coordinación:**

Marisa Mallo Fernández  
Reyes Gámez Guardiola

**Equipo técnico:**

Marta Bermúdez de Santiago  
Ricardo Fernández López  
M<sup>a</sup> Esther Sánchez González  
M<sup>a</sup> Belén Yáñez Barge  
Juan Cirilo Arnosa Casal  
Rosa M<sup>a</sup> Fernández Fernández  
Diego Loureda Couceiro

**Equipo auxiliar:**

M<sup>a</sup> Jesús Iglesias Ferrerio

**Dep. legal:**

**Maquetación:** Gante&Asociados

**Imprime:** C.A. Gráfica

# ● Índice de táboas e gráficas

Taxas de emprego por sexo. Total nacional.....	<b>6</b>
Taxas de actividade. España, UE-15.....	<b>6</b>
Taxas de paro. España, UE-15.....	<b>7</b>
Taxas de paro menores de 25 anos. España, UE-15.....	<b>7</b>
Taxas de actividade 2005. España, Galicia.....	<b>8</b>
Taxas de actividade por grupos de idade e sexo.....	<b>9</b>
Distribución porcentaxe dos inactivos por situación profesional.....	<b>10</b>
Mulleres demandantes de emprego paradas, segundo a idade.....	<b>11</b>
Paro rexistrado.....	<b>11</b>
Datos estimativos coa metodoloxía SISPE.....	<b>12</b>
Datos reais de paro rexistrado. Metodoloxía SISPE.....	<b>12</b>
Evolución mensual da taxa de paro feminino.....	<b>12</b>
Variación interanual da taxa de paro por sexo.....	<b>13</b>
Paro rexistrado segundo sectores de actividade económica.....	<b>14</b>
Mulleres paradas en actividades de novos filóns de emprego.....	<b>15</b>
Demandas de emprego pendentes de demandantes parados. (Segundo o nivel de estudos terminados).....	<b>15</b>
Ocupados por rama de actividade e sexo.....	<b>16</b>
Alumnado segundo ramas universitarias.....	<b>18</b>
Media de ganancia das traballadoras galegas con respecto aos homes por grupo ocupacional.....	<b>19</b>
Demandas de emprego pendentes de demandantes parados. (Segundo idade e duración de demanda).....	<b>20</b>
Demandas de emprego pendentes de demandantes parados. (Segundo idade e duración de demanda).....	<b>21</b>
Contratos por comarcas.....	<b>22</b>
Evolución contratos por sexo.....	<b>22</b>
Evolución segundo a tipoloxía de contratación.....	<b>23</b>
Conversión de contratos temporais en indefinidos.....	<b>24</b>
Porcentaxe de conversións en contratos indefinidos.....	<b>25</b>
Conversións en contratos indefinidos por sectores.....	<b>26</b>
Porcentaxe de conversións en contratos indefinidos por sectores.....	<b>26</b>
Contratos por idade.....	<b>26</b>
Contratos grandes sectores.....	<b>27</b>
Distribución da contratación feminina no sector servizos.....	<b>28</b>



## ● Informe da situación da muller no mercado de traballo galego

Neste informe queremos pór de manifesto os principais trazos que caracterizan a situación laboral da muller galega. Para iso repasaremos a evolución experimentada nos últimos anos utilizando os indicadores máis representativos do mercado de traballo (actividade, emprego, desemprego e contratación) nalgún dos cales se produciron cambios importantes respecto a anos anteriores, non tanto polas variacións cuantitativas como polo seu posible significado.

Esta análise baséase nos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), que é o instrumento que mellor mide as principais variables que configuran o mercado de traballo en Galicia. Así mesmo, utilizouse información estatística subministrada polo Servizo Público de Emprego Estatal (antigo INEM) e polas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e tamén, aínda que puntualmente, acudimos a outras fontes como pode ser a Oficina de Estatística da Unión Europea (EUROSTAT) para matizar e completar determinados aspectos. Con estas fontes como principais referentes, repasamos os datos do ano 2005 e a evolución experimentada respecto a anos anteriores, tendo en conta que para algúns indicadores non dispoñemos de información tan actualizada.


Comezaremos ofrecendo un breve esbozo da situación da muller no mercado español e no conxunto da Unión Europea.

O emprego é un obxectivo prioritario dentro da acción política da Unión Europea, e así mesmo tamén se viu incrementada a atención prestada ás mulleres dentro do ámbito socioeconómico. Co fin de lograr o pleno emprego, a Unión Europea estableceu unhas metas concretas para 2010, fixadas no Cumio de Lisboa de 2000: *"conseguir acadar unha taxa de emprego do 70% para a poboación en xeral e do 60% para as mulleres"*.

### Taxas de emprego por sexo. Total nacional

	Ambos sexos
4º trimestre 2005	52,70

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA



España atópase aínda moi lonxe do seu cumprimento. Se se queren acadar estes obxectivos, as políticas de emprego teñen que estar expresamente dirixidas a lograr unha maior incorporación do colectivo feminino á actividade laboral, a reducir os niveis de paro de mulleres e de mozos, e a mellorar a calidade dos empregos.


As diferenzas con Europa en canto a actividade laboral, paro e ocupación danse sobre todo nas mulleres, que ocupan unha posición claramente desfavorable no contexto nacional, mentres que son menores as diferenzas entre os homes.

Os trazos que caracterizan a situación da muller no mercado laboral español, en relación coa situación a nivel europeo, son os seguintes:

En termos de actividade, a participación feminina no mercado de traballo español está por debaixo da observada na Unión Europea (a taxa de actividade española é inferior en 3,5 puntos).

Así mesmo, as diferenzas entre a participación de homes e mulleres son maiores en España (23 puntos de diferenza, fronte ao diferencial de 8,5 puntos na UE).


### Taxas de actividade



Fonte: EUROSTAT




O desemprego aféctalles en maior medida ás mulleres españolas que ás comunitarias, de forma que temos a taxa de paro feminina máis elevada do conxunto de países membros, superior en 7 puntos á media da UE a 15, e tamén se dan unhas diferenzas entre sexos moito máis marcadas: 7,9 fronte a 1,4.



Fonte: EUROSTAT (para poboación de 15-64 anos)

Os grupos máis afectados polo paro en España son os mozos, as mulleres e os parados de longa duración. En concreto, para o caso das mozas *menores de 25 anos* a distancia coas europeas é aínda maior (un 11,2%), e neste colectivo faise aínda máis evidente a discriminación entre sexos existente neste país (7,6 puntos de distancia entre homes e mulleres españolas menores de 25 anos, cando non se rexistran diferenzas no eido europeo).



Fonte: EUROSTAT

En canto á ocupación, a taxa de emprego (constituída segundo as directrices de EUROSTAT por persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 64 anos) das mulleres españolas que nos achega o INE aumentou progresivamente nos últimos dez anos (30,7% en 1994 e 46% en 2003); a pesar disto, aínda se atopaba no ano 2003 a 10 puntos da media da Unión Europea dos 15. Así mesmo, rexístrase unha maior temporalidade no emprego creado no Estado español, que afecta especialmente ás mulleres (segundo EUROSTAT a 18 puntos no ano 2004 da taxa de temporalidade das traballadoras da UE-15). A incidencia do traballo a tempo parcial é moito menor en España (apenas supón a metade que na UE), debido á menor ocupación das españolas con respecto ás europeas e á

elevada precariedade do emprego neste país. Por último, no mercado laboral español existe ademais unha importante segregación ocupacional por sexos, que non é tan marcada no conxunto da UE (a15): o emprego feminino concéntrase no Estado español en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).


Unha vez esbozado o marco de referencia que constitúe a situación da muller no mercado de traballo español, cómpre preguntarse que é o que sucede en Galicia, e se o concluído ano 2005 contribuíu a reducir distancias con respecto á máis favorable situación nacional.

Segundo a EPA, o ano 2005 rematou en Galicia con 1.254.800 persoas en disposición de traballar (poboación activa), tan só 600 persoas máis que un ano antes. Non obstante, este dato non é representativo dado o cambio metodolóxico operado na medición da Enquisa de Poboación Activa, a partir do ano 2005, que invalida a comparativa cos anos anteriores. Do que si se pode falar é da subida de 29.000 activos que se rexistrou no ano 2004 con respecto a 2003: O avance rexistrado no ano 2004 estaba protagonizado en boa medida pola incorporación ao mercado laboral de mulleres (21.200 máis que en 2003), xa como ocupadas xa como paradas, o que supuña un incremento superior, en termos relativos, ao rexistrado a escala nacional.

No ano 2005 a taxa de actividade acadou un valor do 53%, cando no ano anterior rexistraba o 53,2%. Este lixeiro descenso débese exclusivamente á perda de poboación activa feminina, posto que a taxa de actividade masculina mantén a mesma porcentaxe que no ano 2004. Aínda que estes datos hai que tomalos coas reservas antes expostas.

De todos os xeitos, a taxa de actividade, que mide a porcentaxe de persoas maiores de 16 anos que desexan traballar (tanto se están ocupando un posto de traballo nese momento como se están no paro), segue a presentar en Galicia un valor por debaixo da media nacional. Por sexos, a taxa de actividade das mulleres galegas (44,8%) está a máis de dous puntos da media feminina do conxunto do Estado.

Taxa de actividade 2005



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA.


En termos xerais, a taxa de actividade feminina continúa a amosar unha diferenza importante con respecto á masculina; os expertos apuntan principalmente como causante deste desaxuste a existencia dun gran número de mulleres en idade de traballar que nin sequera se animan á busca de emprego ante as escasas oportunidades da economía galega en xeral, e do sector servizos en particular, principal empregador do colectivo feminino, que presenta un ritmo de creación de emprego insuficiente e unhas condicións de traballo pouco atractivas (elevada temporalidade, baixa remuneración, etc.). Este panorama desalentador é en moitos casos o motivo fundamental para a prolongación do período de estudos por parte das máis novas, e para a dedicación exclusiva a tarefas domésticas no propio fogar por parte das mulleres de idade adulta.

### Taxas de actividade por grupos de idade e sexo. 4º trimestre 2005

Porcentaxe %	Homes Nacional	Mulleres Nacional	Homes Galicia	Mulleres Galicia
menores de 25 anos	56,64	46,56	47,86	40,48
25 e máis anos	70,88	47,01	63,57	45,42
16 a 19 anos	31,96	23,27	17,26	15,01
20 a 24 anos	72,56	61,46	66,72	56,07
25 a 54 anos	92,43	69,87	88,88	71,84
55 e máis	28,97	11,78	24,83	13,52
Total	68,95	46,95	61,58	44,86

Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA.

### Diferencias de puntos porcentuais da taxa de actividade Nacional/Galicia 2005



Segundo a Enquisa de Poboación Activa, as taxas de actividade de homes e mulleres por grupos de idade tamén amosan diferenzas significativas. As taxas de actividade dos homes presentan unha evolución bastante estable durante os últimos anos (a pesar do cambio metodolóxico, o ano 2005 confirma esta tendencia). Entre os 25 e os 54 anos as taxas de actividade dos homes mantéñense en torno ao 90 por cento (70% nas mulleres), e o grupo de 20 a 24 sitúase cerca do 70 por cento para o ano 2005, logo dun incremento sostido nos últimos anos (as mulleres rexistran unha taxa de actividade un 10% menor). Tanto en homes como en mulleres os grupos extremos de idade presentan taxas de actividade sensiblemente menores; para os maiores de 55 anos a taxa apenas oscila en torno ao 25 por cento, e de 16 a 19 está arredor do 22% por cento.


Esta tesitura xeral na que se atopan as taxas de actividade pode ser indicio dunha característica estrutural do mercado de traballo, onde o risco de pasar da situación de paro á de inactividade afecta máis aos grupos de idade extremos, os mozos de 16 a 19 e os adultos de máis de 55 anos, na antesala da xubilación. A xente máis nova ten dificultades de acceso ao mercado de traballo na busca do primeiro emprego, e as persoas de máis idade que perderon os seus traballos afrontan unha situación vital complicada pola dificultade de reinserción no mercado laboral. Ambas as situacións, e por distintas causas cada unha, poden conducir á inactividade.

O perfil evolutivo da actividade feminina nos últimos anos marca unha tendencia cara á estabilidade a partir dos vinte e cinco anos, mentres que as máis novas aumentan as taxas de actividade. As taxas de actividade feminina presentan tendencias ascendentes en diferente grao entre as mulleres máis xoves, especialmente para o grupo de menor idade, de 16 a 19. Este escenario amosa a crecente incorporación das mozas galegas ao mercado de traballo, aínda que esta feminización sexa desigual respecto aos distintos grupos de idade e, como veremos máis adiante, respecto dos sectores de actividade e categorías de ocupación.

A taxa de actividade das mulleres galegas non recortou diferenzas con respecto á taxa de actividade masculina nos últimos anos. De feito a necesidade de creación de novos postos de traballo vai moito máis alá do que indica a actual taxa de paro, que sería moito máis elevada se tivéssemos unha taxa de actividade como a media da Unión Europea.

En relación coa poboación activa está a poboación inactiva, constituída polas persoas de 16 ou máis anos que non participan no mercado laboral, xa que non realizan un traballo remunerado nin o buscan activamente.

Segundo o INE, para o ano 2005, máis da metade dos 1.117.020 inactivos da nosa Comunidade, concretamente o 59%, son xubilados, pensionistas ou persoas ás que lles foi declarada unha incapacidade permanente. Outro 23% dedícase aos labores do fogar e un 16% son estudantes.



Segundo as fontes do IGE (como xa constatamos anteriormente, hai que ter en conta que no primeiro trimestre de 2005 se implantou un procedemento centralizado para a realización das entrevistas telefónicas e reformuláronse algunhas das preguntas do cuestionario, o que provocou unha ruptura nas series dalgunhas variables da EPA, e, polo tanto, os valores de activos, parados e inactivos poden non ser directamente comparables cos de anos anteriores), en 2005 a poboación inactiva aumentou en oito mil persoas, logo do descenso continuado que rexistrou nos anos anteriores, polo que o cambio metodolóxico introducido pola EPA pode non ser alleo a este dato. A pesar desta redución, máis da metade da poboación inactiva son mulleres. Concretamente 683.000, fronte a 432.200 homes. De especial interese é o grupo constituído por un importante número de mulleres encadradas principalmente como amas de casa, que nos dan unha idea do importante potencial existente para elevar a actividade na nosa Comunidade.

Segundo os datos da enquisa de poboación activa (EPA) para o ano 2005, Galicia atópase aínda moi lonxe do cumprimento dos obxectivos do Cumio de Lisboa, ao recollese unha taxa de emprego do 48% para a poboación en xeral e do 39% para as mulleres en particular.

### Mulleres demandantes de emprego paradas, segundo a idade. Decembro 2005

	Total	16-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	+ 59
GALICIA	109.521	2.016	9.657	16.860	15.880	14.912	12.623	11.868	10.371	9.614	5.720

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia.

Se falamos do paro, observamos que o ano 2005 concluíu con 109.521 galegas inscritas nas oficinas do Servizo Público de Emprego, o que supón un descenso de case 2.000 paradas menos con respecto ao exercicio anterior, se tomamos os datos das simulacións retrospectivas de paro rexistrado con criterios SISPE que elaborou o INEM (o 3 de maio de 2005 entrou en vigor o novo modelo de xestión SISPE, que integra a información relativa ás políticas activas de emprego e ás prestacións por desemprego, que levan a cabo os servizos públicos de emprego, estatal e autonómicos. Este novo sistema fixo necesario un cambio na forma en que se determinan os colectivos que deben ser excluídos das demandas pendentes, para obter o paro rexistrado, segundo a Orde ministerial de marzo de 1985. Así mesmo, elaboráronse estimacións estatísticas retrospectivas, desde xaneiro de 1996 ata abril de 2005, baseadas nos datos históricos do INEM).

Con todo, a taxa de paro rexistrado correspondente ás mulleres galegas sitúase practicamente no 20% da poboación activa, algo máis do dobre que a masculina (9,6%), tendo en conta que a distancia entre ambas segue sen corrrixirse nos últimos anos.

<b>Paro rexistrado</b>		
Decembro 2005	HOMES	MULLERES
GALICIA	9,63%	19,96%

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia.

No ámbito estatal tamén a taxa de paro feminina é moito maior que a masculina, pero aínda así está 4,4 puntos por debaixo da galega (cífrase no 14,9% das activas españolas), o que demostra a gravidade do caso galego en canto á situación do desemprego entre o colectivo de mulleres, máxime se temos en conta a desfavorable posición que ten o Estado español nesta materia no contexto da UE.

Segundo as estimacións estatísticas retrospectivas do INEM realizadas coa nova metodoloxía SISPE, que abarcan ata febreiro de 2001, observamos que en 2005 continúa un fenómeno que se vén producindo nos últimos anos, como é a diminución do paro entre as mulleres de menos de 25 anos e un aumento nas de máis de 45.

As explicacións a este fenómeno pódense deber a distintos factores: desde unha prolongación do período de estudos, ata un aumento do emprego entre as máis novas, especialmente no sector servizos.

En canto á evolución mensual de parados para Galicia en 2005, pódese observar a seguinte táboa.

### Datos estimativos coa metodoloxía SISPE

2005	MULLERES	HOMES
XANEIRO	114.708	74.736
FEBREIRO	113.995	72.491
MARZO	114.604	71.737
ABRIL	111.308	69.275

### Datos reais de paro rexistrado. Metodoloxía SISPE

2005	MULLERES	HOMES
MAIO	108.140	63.939
XUÑO	101.754	60.510
XULLO	99.171	58.252
AGOSTO	99.399	57.956
SETEMBRO	98.830	58.286
OUTUBRO	102.841	61.458
NOVEMBRO	108.045	64.793
DECEMBRO	109.521	69.155

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal.


Como vén sendo habitual, a evolución do paro feminino ao longo do ano é un tanto irregular, véndose moi influído (positivamente) nos meses de verán.

### Evolución mensual da taxa de paro feminino. Galicia 2005

GALICIA	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setembro	outubro	novembro	decembro
MULLERES	16,46	16,32	16,34	17,05	20,00	18,82	18,10	18,13	18,04	18,75	19,69	19,96
HOMES	8,68	8,46	8,32	8,29	9,03	8,55	8,27	8,22	8,27	8,56	9,02	9,63

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia/ INE.

Evolución taxa de paro 2005



Así, se nos centramos na evolución mensual do paro en 2005, observamos que a tendencia no caso das mulleres é a manterse estable no primeiro trimestre do ano, no mes de maio experimenta un considerable incremento, e descende progresivamente desde xuño ata setembro, agás o lixeiro aumento que presenta no mes de agosto. Como é habitual nos últimos tres meses do ano, tras o período estival, o desemprego incrementou as súas cifras. En liñas xerais, o comportamento do colectivo masculino concorda coa evolución do desemprego feminino, o que demostra que a estacionalidade é un factor que afecta indistintamente aos dous sexos.

### Variación interanual da taxa de paro por sexo. Galicia 2005

	maio xuño	xuño xullo	xullo agosto	agosto setembro	setembro outubro	outubro novembro	novembro decembro
MULLERES	- 5,90	- 3,83	0,17	- 0,50	3,94	5,01	1,37
HOMES	- 5,32	- 3,27	- 0,60	0,61	3,51	5,37	6,76

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia/ INE. Elaboración propia

Outra cuestión que cómpre ter en conta é a diferente intensidade na evolución do paro segundo os meses. Así, o desemprego das mulleres (que no ano 2004 baixou dunha maneira máis acusada que o masculino dende maio ata agosto, e despois creceu tamén de maneira máis brusca en setembro e outubro) no ano 2005 presenta unha maior coincidencia entre os dous sexos.

Podemos concluír que as variacións estacionais que en 2004 afectaron máis ao desemprego feminino que ao masculino quedan ao nivel dos homes no ano 2005. Polo tanto, para este último ano entendemos que as mulleres xa non se benefician en maior medida que os homes dos contratos temporais xerados no sector servizos durante os meses de verán, como sucedía en 2004. A tendencia evolutiva interanual en 2005, no que se refire á incidencia da estacionalidade no desemprego, discorre dun modo parello entre os dous sexos.



Segundo os datos facilitados polos servizos públicos de emprego de Galicia, e respecto ao paro, destaca, con data do 31 de marzo de 2005, a redución en 2.814 desempregadas no colectivo de *demandantes de primeiro emprego*, unha cifra considerable se se ten en conta que o descenso total do paro feminino con respecto a marzo de 2004 foi de 2.243 paradas menos. Este fenómeno podería ser indicativo da demanda de traballadoras sen experiencia para certo tipo de contratos, e tamén quizais poida deberse ao efecto dos plans de emprego como creadores dunha primeira oportunidade de traballo para os desempregados novos, da que se puideron beneficiar especialmente as mulleres. Concretamente no ámbito dos programas de cooperación correspondentes ao exercicio 2004, obsérvase que a contratación de mulleres desempregadas menores de trinta anos (2.793) é considerablemente superior á rexistrada nos homes (1.553). Esta tendencia de maior contratación feminina reafírmase en 2005: o diferencial entre sexos é aínda maior a favor das mulleres menores de trinta anos, de xeito que duplican o número de contratos realizados cos varóns


Se nos referimos aos sectores produtivos, no sector primario dáse, para as datas indicadas, un ascenso de 102 desempregadas. Trátase dun sector que non xera novo emprego, senón máis ben ao contrario, ve reducir as súas cifras de ocupación e poboación activa, polo que ese aumento hai que situalo neste contexto.

GALICIA	TOTAL	AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
MULLERES	154.529	4.168	24.694	18.116	82.262	25.289

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal.

Así mesmo, tamén se observa un incremento do paro feminino no sector secundario en 157 persoas máis que en marzo de 2004. Trátase dun dato conxuntural negativo inserido na realidade dun sector no que estruturalmente as mulleres están, en xeral, subrepresentadas.

Paro feminino rexistrado segundo sectores de actividade económica. Galicia. Marzo 2005



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. Elaboración propia.

En canto á *construción*, a presenza feminina é moito menor que na industria, polo que o mantemento do mesmo número de desempregadas é un dato pouco relevante á hora de valorar a evolución do paro das mulleres ao longo do ano.

Mención especial merecen os *servizos*, por ser o sector onde se concentra moi intensamente tanto o desemprego feminino como a ocupación. Pois ben, ata marzo do ano 2005 produciuse un aumento de 244 desempregadas con respecto a marzo do ano anterior, e un incremento de 1.116 no ano 2004 en relación con 2003. Estes datos son certamente preocupantes posto que, se é o sector *servizos* o que debe tirar do emprego feminino, para conseguir que as elevadas taxas de paro poidan, polo menos, converxer coas do Estado, non se albisca unha solución cando nos últimos anos se rexistra un aumento do paro. En calquera caso, está claro que o emprego que se crea non é suficiente para satisfacer as necesidades de moitas traballadoras galegas de incorporarse ao mercado laboral e de facelo, ademais, en condicións de calidade e estabilidade.

A realidade social de Galicia, debido ao envellecemento da súa poboación, é un exemplo paradigmático do cambio estrutural que sofren as sociedades occidentais. Este feito precisa unha resposta por parte do mercado laboral. O noso mercado de traballo ten que ser capaz de xerar unha ocupación estable e de calidade que responda adecuadamente a esta necesidade. Polo tanto, é preciso activar o desenvolvemento de actividades económicas que ofrezan os *servizos sociais* requiridos pola sociedade actual.

<b>Mulleres Paradas. Galicia</b>		
	Marzo 2004	Marzo 2005
Actividades diversas de <i>servizos persoais</i>	2182	2186
Actividades recreativas, culturais e deportivas	1101	1145
Actividades informáticas	289	370
Investigación e desenvolvemento	113	120

Fonte: *Servizos Públicos de Emprego de Galicia*. Elaboración propia.

Neste contexto é preocupante a constatación do aumento do paro feminino en actividades encadradas dentro dos chamados novos filóns de emprego, que en teoría deberían crear emprego mediante a satisfacción das novas necesidades sociais.

Como se observa nas actividades citadas no cadro, o ano 2005, lonxe de confirmar esta dinámica, supuxo un aumento do paro feminino en ocupacións que deberían absorber unha parte cada vez máis relevante da contratación, e ocupar unha maior cota de mercado no proceso de diversificación e dinamización da economía galega.

Se nos fixamos agora no paro rexistrado segundo as ocupacións demandadas, a maior parte das galegas desempregadas están encadradas no epígrafe de *Dependentes de comercio*. O segundo grupo máis numeroso é o de *administrativas*, inscritas, e séguelle o de *limpadoras*.

Estas cifras son indicativas dun importante encadramento nunhas ocupacións concretas, o que provoca unha saturación de demandantes en determinados sectores e dificulta o acceso ao emprego.

<b>Demandas de emprego pendentes de demandantes parados segundo o nivel de estudos terminados. Mulleres decembro 2005</b>										
	TOTAL	ANALF.	EST. PRIM. INCOMP.	ESTUDOS PRIM. COMPLET	ESTUDOS SECUNDARIOS		ESTUDOS POSTSECUNDARIOS			
					PROGR. F.P.	EDU. XERAL	TÉCN. PROF. SUPERIOR	PRIMEIRO CICLO	SEGUNDO TERCEIRO CICLO	OUTROS
GALICIA	109.521	425	5.115	15.486	7.810	58.112	8.605	6.265	7.625	78

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal.

En canto ao nivel de estudos das desempregadas galegas, podemos dicir, á vista dos datos, que a maior cantidade de paradas aparece entre as que cursaron EXB e BUP-COU, mentres que a medida que se avanza no grao académico o paro diminúe.

A acumulación de paradas con titulacións universitarias que ofrecen unha escasa saída laboral fai que estas compitan por outros postos de menor cualificación, creando unha sobredemanda para estes que favorece que os empresarios se decanten polas máis preparadas ao mesmo tempo que diminúen os niveis salariais.

A tradición de cursar certo tipo de estudos por parte das mulleres é, así mesmo, determinante do problema da segregación ocupacional á hora de desempeñar un emprego. As preferencias están cambiando, aínda que moi lentamente, de forma que é posible apreciar xa unha maior diversificación ocupacional entre as ocupadas máis novas con respecto ás de máis idade.

Fálase de segregación horizontal cando nos referimos a unha concentración da man de obra feminina ou masculina nuns determinados sectores e oficios, os correspondentes ao rol estereotipado de xénero.

As mulleres continúan desenvolvendo determinado tipo de traballos e categorías profesionais (por exemplo, a maioría dos traballos administrativos realízanos as mulleres), o que se coñece como segregación ocupacional.

O relevante é analizar en que clase de actividade económica se atopan integradas as mulleres.

## Ocupados por rama de actividade e sexo. Galicia 4º trimestre 2005

	Homes	Mulleres
Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca	61,5	48,7
Industrias da alimentación, bebidas e tabaco; téxtil e confección; coiro e calzado; madeira e cortiza; papel, edición e artes gráficas	49,7	48,2
Industrias extractivas; refino de petróleo; industria química; transformación de caucho, metalurxia; enerxía e auga	49	6,4
Construción de maquinaria, material eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas	47,4	10,2
Construción	125,1	5,3
Comercio e hostalaría	118,4	130,7
Transporte, almacenamento e comunicacións	39,9	9,8
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	50,4	45
Administración pública, educación, actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	87,3	125,7
Outros servizos; actividades dos fogares e organismos extraterritoriais	22,1	56,5

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

Uds.: miles de persoas

Como vemos, a maior inclusión feminina dáse nos sectores de Administracións Públicas, Servizos Sociais e Actividades do Fogar, así como en Comercio e Hostalería. Isto pon en evidencia que a maior parte das mulleres realizan oficios e profesións que resultan prolongacións dos roles domésticos (educación, saúde, servizos). Á súa vez son estes sectores (agás o emprego público) os que están maioritariamente afectados pola precariedade e o subemprego. Pensemos, por exemplo, no número de mulleres que desenvolve a súa actividade laboral en empresas privadas de limpeza, ou no servizo doméstico, moitas delas sen cotizar á Seguridade Social.

Fálase de segregación vertical cando as mulleres ocupan niveis xerárquicos máis baixos na estrutura ocupacional.

## Ocupados por gran grupo ocupacional e sexo. Galicia 4º trimestre 2005

		Homes	Mulleres
1	Dirección das empresas e da administración pública	8,7	7,6
2	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	9,2	14,9
3	Técnicos e profesionais de apoio	9,8	10,9
4	Empregados de tipo administrativo	4,1	12,3
5	Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: total	8,4	21,7
6	Traballadores cualificados en agricultura e pesca	7,8	9,5
7	Artesáns e traballadores cualificados de industrias manufactureiras, construción e minaría, agás operadores	29,8	4,1
8	Operadores de instalacións e maquinaria; montadores	12,8	4,5
9	Traballadores non cualificados	8,4	14,3

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

Uds.: Porcentaxe %

Hai unha maior concentración feminina nas categorías de menor recoñecemento social e económico (o 14,3% das mulleres galegas desempeñan traballos sen cualificación, fronte ao 8,4% dos homes), mentres que nas ocupacións que fan referencia ao desempeño de postos directivos e de xerencia a diferenza é a favor do colectivo masculino.

Se analizamos a contratación rexistrada ao longo do ano 2005, os contratos masculinos deste grupo ocupacional practicamente son o dobre dos que se formalizaron con mulleres (1.284 fronte a 654) segundo fontes das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.


As mulleres tenden a concentrarse nas escalas máis baixas, e os postos directivos seguimos a atopalos, en xeral, ocupados polos homes.

É dentro dos grupos dous e tres, que fan referencia a técnicos e profesionais científicos, intelectuais e de apoio a estes, onde encontramos un maior volume de mulleres que de homes. Estas ocupacións precisan, en xeral dunha alta cualificación académica, o que dá idea de que as mulleres galegas estudan e adquiren un nivel de capacitación académica que non garda relación coa súa situación na estrutura ocupacional.

Se nos centramos agora no alumnado que rematou os estudos de educación universitaria nas tres universidades galegas, os datos (ata o ano 2003, que é o último no que o INE nos proporciona información estatística neste eido) son os seguintes:

Porcentaxe %	Ano 2000		Ano 2001		Ano 2002		Ano 2003	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Ciencias sociais e xurídicas	63,3	36,7	66,3	33,7	64,6	35,4	65,2	34,8
Humanidades	73,6	26,4	71,6	28,4	72	28	71,6	28,4
Técnicas	31,8	68,2	33,4	66,6	33,8	66,2	35,2	64,8

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA. Elaboración propia.



A necesidade que teñen as traballadoras de acometer a diversificación da súa actividade laboral dentro da estrutura ocupacional do mercado de traballo galego está directamente vinculada á obtención dunha cualificación académica acorde coa realidade do sistema produtivo. As estudantes galegas están a reorientar pouco a pouco a súa formación académica cara a disciplinas de especialización técnica, eido que é maioritariamente patrimonio masculino.

Aínda que se trata dun feito necesario para afrontar con éxito a segregación ocupacional, a evolución detectada na reorientación dos estudos das universitarias galegas cara ás ramas de coñecemento técnico é aínda pouco significativa. Polo tanto, e a pesar do aumento feminino detectado nos últimos anos nestas disciplinas, sería aventurado supor que xa están dadas as condicións para que se produza un cambio de tendencia na configuración ocupacional por sexo do noso tecido produtivo.

Polo tanto, podemos concluir que é necesario potenciar o aumento da diversificación formativa e laboral que impidan a segregación ocupacional de xénero, así como o desenvolvemento da rede de infraestruturas sociais para a

atención de persoas dependentes, servizos que na actualidade resultan claramente insuficientes, e cuxa creación redundaría así mesmo nunha xeración de emprego importante.

Igualmente, a segregación vertical é un factor moi importante da disparidade salarial entre mulleres e homes. Parece probable que a segregación vertical sexa un determinante substancial da baixa relación entre os ingresos masculinos e os femininos.

Por todo o dito anteriormente, a fórmula tan apreciada de que: “A igual función igual remuneración” non funciona en ningún caso para as mulleres. A relación entre a remuneración media das traballadoras con respecto aos seus compañeiros é, para o ano 2002 (o último ano de referencia do que o INE ten estatísticas), do 73%. Isto quere dicir que por cada 100 euros que gaña un home, no mesmo tipo de traballo a muller gaña 73.

### Enquisa de estrutura salarial. Galicia. Ano 2002


#### Media da ganancia das traballadoras galegas con respecto aos homes

Grupo ocupacional	
Persoal directivo	68,50%
Profesionais	70,30%
Persoal administrativo	66,00%
Persoal con menor cualificación	76,80%

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA. Elaboración propia


Como vemos, a diferenza salarial entre homes e mulleres aumenta en relación directa cos postos de maior nivel e responsabilidade. A menor desigualdade observámola nos postos de menor cualificación. Pola contra, o persoal directivo feminino cobra un 68,5% do salario dos seus homólogos homes.

% feminino de salario con relación aos homes



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA. Elaboración propia.

O persoal administrativo e o directivo feminino sofre a maior desigualdade salarial. De todos os xeitos, non hai que esquecer que estes datos fan referencia ao ano 2002. O INE non ofrece estatísticas salariais desagregadas por sexo desde entón, polo que descoñecemos a evolución que se puido producir nestes últimos anos.



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA. Elaboración propia.

O feito de obter unha titulación académica de nivel superior tampouco garante unha maior igualdade salarial. Porén, as mulleres que carecen de cualificación ou que a posúen a un nivel elemental son as que sofren en maior medida a desigualdade, de feito non acadan nin o 60% das retribucións que perciben os homes con menor nivel de formación académica.

### Demandas de emprego pendentes de demandantes parados segundo idade e duración de demanda. Decembro 2005

#### GALICIA MULLERES

TOTAL GALICIA	TOTAL MENORES	MENORES DE 25 ANOS				TOTAL MAYORES	MAIORES DE 25 ANOS			
		< 1 MES	>1-<=6 MESES	>6-<=12 MESES	MÁS DE 12 MESES		< 1 MES	>1-<=6 MESES	>6-<=12 MESES	MÁS DE 12 MESES
109.521	11.673	2.160	5.916	1.883	1.714	97.848	9.643	28.653	12.925	46.627

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal.




## Demandas de emprego pendentes de demandantes parados segundo idade e a duración de demanda. Decembro 2005

### GALICIA HOMES

		MENORES DE 25 ANOS				MAIORES DE 25 ANOS				
TOTAL GALICIA	TOTAL MENORES	< 1 MES	>1-<=6 MESES	>6-<=12 MESES	MÁS DE 12 MESES	TOTAL MAYORES	< 1 MES	>1-<=6 MESES	>6-<=12 MESES	MÁS DE 12 MESES
69.155	10.165	2.280	5.620	1.507	758	58.990	8.903	21.258	8.599	20.230

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal.

Por duración da demanda, podemos afirmar que o paro de longa duración en Galicia é maioritariamente feminino. Se consideramos como tal o que se prolonga durante máis dun ano, o 44% das demandantes de emprego da nosa Comunidade atópase nesta situación, bastante máis do que ocorre cos homes (30% son parados de longa duración). Así mesmo, no ano 2005 observouse un incremento dun 1,5% con respecto ás paradas de longa duración rexistradas no ano 2004.



A outra cara da moeda é o número de desempregados que atopan traballo nun período curto, non superior a seis meses. Aquí as cifras por sexos son mellores para elas, xa que un 42% das mulleres están paradas nese tempo (un 1,5% menos que en 2004) fronte ao 55% dos homes.

As mulleres máis novas atopan maioritariamente traballo nun período de tempo inferior ao ano. Este período vaise prolongando a medida que a idade da muller avanza.


## Contratos 2005 comarcas

	HOME	MULLER
COSTEIRA	94.252	79.814
GRANDES CIDADES	285.647	248.640
INTERIOR	48.143	3.097

Fonte: Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.

A Galicia urbana (considerando esta como a poboación residente nas comarcas que integran as sete cidades galegas: as catro capitais de provincia e mais Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol) representa o 53% da poboación de Galicia. Mentres que os contratos da Galicia urbana acadan o 67,5% do total da Comunidade. Observamos que pouco máis da metade da poboación aglutina máis de dous terzos da contratación rexistrada en Galicia no ano 2005. Isto confirma a perspectiva do maior dinamismo laboral focalizado en torno aos núcleos urbanos, feito que se corresponde coa existencia dun tecido empresarial consolidado, realidade, que pola contra, está ausente na maior parte da Galicia interior e costeira.

Porcentaxe de contratación feminina




Na Galicia urbana viven o 54% das mulleres galegas, mentres que os contratos femininos rexistrados en 2005 representan o 68,4% da contratación total de Galicia. Como se observa, o comportamento por sexos en Galicia confirma a tendencia xeral de maior actividade contractual nos grandes núcleos de poboación.

TOTAL CONTRATOS		2001	2002	2003	2004	2005
GALICIA	HOMES	411.308	399.540	406.425	413.193	428.042
	MULLERES	293.152	309.849	337.651	353.293	363.551
A CORUÑA	HOMES	168.187	165.232	172.351	177.027	181.155
	MULLERES	123.930	133.804	151.312	158.310	158.985
LUGO	HOMES	37.786	36.299	36.404	37.408	39.083
	MULLERES	34.300	36.008	37.705	38.906	40.636
OURENSE	HOMES	30.616	30.272	30.315	32.391	33.838
	MULLERES	20.174	21.616	22.942	25.743	28.905
PONTEVEDRA	HOMES	174.719	167.737	167.355	166.367	173.966
	MULLERES	114.748	118.421	125.692	130.334	135.025

Fonte: Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.

As cifras de contratación en Galicia durante o ano 2005 manteñen a súa tendencia de crecemento continuado, que se reflicte nos exercicios anteriores. Para o colectivo feminino o número de contratos rexistrou unha cifra de 363.551, incrementándose en 10.258 con respecto a 2004. Os contratos a mulleres representaron un 45,9% do total.

Evolución das diferenzas de puntos porcentuais



Aínda que en termos cuantitativos podemos falar dun incremento das contratacións femininas, non se pode facer a mesma valoración no aspecto cualitativo, isto é, na calidade do emprego creado: a temporalidade segue a ser a norma habitual, de xeito que só o 8,15% do total de contratos ten carácter indefinido, un 0,07% menos que en 2004. Esta tendencia, aínda que estable, amosa a deterioración da calidade do emprego feminino en Galicia, e, lonxe de corrixirse, vese lixeiramente agravada.


Evolución Galicia segundo a tipoloxía

CONTRATOS TIPOLOXÍA	2002		2003		2004		2005	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
Indefinido	30.060	16.252	29.797	18.275	31.378	18.977	36.407	20.793
Indefinido tempo parcial	3.546	7.854	3.527	8.640	3.810	10.080	3.811	8.849
Outros	20.466	17.268	14.993	16.478	15.374	15.342	14.791	14.926
Prácticas/Formación	12.547	8.580	12.900	8.963	12.180	8.810	12.291	8.209
Temporal	287.764	174.983	297.598	191.217	295.801	198.060	301.701	205.902
Temporal tempo parcial	45.157	84.912	47.610	94.078	54.650	102.024	59.041	104.872

Fonte: Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.

O contrato a tempo parcial, xa sexa con carácter indefinido (tan só 2,43%) ou temporal, representa o 31,28% dos contratos formalizados con mulleres. Esta modalidade descendeu moi levemente con respecto ao 2004 (31,73%) logo do ascenso rexistrado en 2003 e 2004. Con todo, a contratación a tempo parcial, que en teoría facilita a conciliación da vida laboral e familiar, está na nosa Comunidade e no conxunto do Estado por baixo dos niveis dos países máis avanzados de Europa. Isto pode ser debido a que as empresas recorren ao traballo temporal para axustar o cadro de persoal ás necesidades produtivas de cada momento. Tampouco parece que as mulleres demanden de forma rotunda este tipo de contrato, disuadidas por un menor salario e quizais menores posibilidades de promoción profesional.

Evolución das diferenzas en puntos porcentuais H/M



A utilización desta modalidade de traballo, que pode ser un instrumento para facilitar a presenza da muller no mercado laboral non dá a impresión de ser resultado dunha elección voluntaria da traballadora, e si máis ben a única saída ante a imposibilidade de encontrar un traballo a xornada completa.

Se analizamos con máis detalle a *contratación indefinida*, corroboramos a maior incidencia da modalidade a *tempo parcial* entre as mulleres que entre os homes, de forma que supoñen case o 30% dos contratos estables formalizados coas mulleres galegas, unha proporción que triplica a correspondente aos homes (9,5%).


No tocante ao contrato indefinido ordinario, a diferenza a favor dos homes tamén é notable (só en torno ao 5,5% dos contratos deste tipo se concertan con mulleres), sendo esta a segunda modalidade de contratación para os homes.

### Conversión de contratos temporais en indefinidos en Galicia

GALICIA	2002	2003	2004	2005
HOME	16.160	16.131	17.557	19.656
MULLER	11.005	12.660	15.455	14.814


Fonte: Servizo Público de emprego de Galicia.

### Evolución das diferenzas en puntos porcentuais H/M



A canle máis produtiva para o fomento do emprego estable é a conversión de contratos temporais en indefinidos. Nestes últimos anos a tendencia foi positiva para os homes, mentres que as conversións na contratación feminina experimentaron un retroceso con respecto ás cifras rexistradas en 2004. De todos os xeitos, cómpre subliñar que a metade dos contratos indefinidos femininos subscritos en Galicia no ano 2005 corresponden a conversións de contratos temporais. Concretamente 14.814 sobre un total de 29.642

### Porcentaxe de conversións en contratos indefinidos



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Vendo a porcentaxe de conversións de contratos temporais en indefinidos, observamos este preocupante descenso con máis claridade.

O diferencial de conversións entre ambos os dous sexos acentúase no ano 2005, de xeito que se rompe a tendencia correctiva experimentada nos últimos anos e as traballadoras ven como se desacelera o ritmo de converxencia cos homes. Concretamente producíronse entre as mulleres 641 conversións menos que as rexistradas no ano 2004.


O protagonismo case exclusivo da conversión de contratos temporais en indefinidos acontece para as mulleres galegas no sector de servizos

Ano 2005	Sector Construcción	Sector Primario	Sector Secundario	Sector Servizos
HOME	3.506	427	5.286	10.437
MULLER	374	106	1.927	12.407

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

Dentro deste sector obsérvase que a porcentaxe de conversións é superior á rexistrada nos homes.

Porcentaxe de conversións en contratos indefinidos por sectores



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

No resto de sectores o volume de conversións é escaso, e o diferencial cos homes reflicte a pouca incidencia que aínda ten a presenza feminina nestes eidos da economía galega.

CONTRATOS POR IDADE 2001-2005			2001	2002	2003	2004	2005
GALICIA	HOMES	<30	219.441	210.014	210.377	214.653	218.301
		30 a 45	140.026	137.257	141.239	143.486	151.703
		46 a 55	39.265	38.916	41.519	40.697	42.351
		56 e máis	12.576	13.353	13.290	14.357	15.687
	MULLERES	<30	164.802	174.953	186.330	191.484	188.063
		30 a 45	105.229	110.022	121.305	128.697	138.236
		46 a 55	19.310	20.711	24.827	27.591	30.660
		56 e máis	3.811	4.163	5.189	5.521	6.592

Fonte: Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.

O maior volume de contratación feminina concéntrase nas mulleres menores de trinta anos, debido probablemente á presenza dunha maior cantidade de poboación activa. Pola contra, observamos unha tendencia xeral de diminución progresiva da contratación a medida que avanza a idade da muller traballadora. De calquera xeito, a evolución positiva da contratación no seu aspecto puramente cuantitativo ou numérico rexistrou un crecemento anual e ininterrompido para as mulleres de todos os tramos de idade superiores aos trinta. O dato negativo vén protagonizado polas mulleres máis novas. As mulleres de menos de trinta anos tiveron menos contratos que en 2004, logo do ascenso rexistrado nos últimos anos para este grupo de idade.

Os contratos formalizados con mulleres demandan maioritariamente os niveis académicos máis baixos; a maior parte da contratación correspóndese coa posesión da titulación de ensino obrigatorio. Isto dános idea da escasa cualificación da maioría dos postos de traballo que realizan as mulleres galegas.


CONTRATOS GRANDES SECTORES			2001	2002	2003	2004	2005
GALICIA	HOME	S. CONSTRUCCIÓN	85.376	84.499	88.939	90.444	92.667
		S. PRIMARIO	16.415	16.205	16.051	17.176	17.988
		S. SECUNDARIO	61.239	57.800	52.648	50.285	51.904
		S. SERVICIOS	248.278	241.036	248.787	255.288	265.483
	MULLER	S. CONSTRUCCIÓN	4.179	4.850	6.227	5.094	5.417
		S. PRIMARIO	2.672	3.025	3.352	3.780	3.944
		S. SECUNDARIO	46.909	45.834	43.720	42.709	39.859
		S. SERVICIOS	239.392	256.140	284.352	301.710	314.331

Fonte: Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.

O primeiro trazo que define as características da contratación feminina en Galicia segundo o sector económico de procedencia é a neta preponderancia do sector servizos. A distribución sectorial do emprego feminino outorga un maior peso relativo á contratación neste sector que á contratación masculina. Trátase dun sector claramente feminizado, mentres que sectores como a construción, por exemplo, son claramente masculinos.

Este sector, fundamental no emprego feminino, experimentou unha evolución positiva ao incrementar o número de contratacións dun xeito progresivo nos últimos anos; porén, como xa vimos anteriormente o número de desempregadas neste sector non deixa de crecer ano a ano, co cal, de manterse o actual ritmo de contratación, conclúese que o mercado laboral galego, a pesar do incremento progresivo do volume de contratación, non é capaz de absorber a crecente demanda laboral feminina que quere traballar no sector.

Distribución da contratación feminina no sector servizos. Galicia ano 2005



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

As mulleres galegas, que como acabamos de ver desenvolven a súa actividade preferentemente no sector servizos, fano nunhas ramas moi determinadas, localizadas principalmente en profesións de menor cualificación encadradas no comercio, na hostalería e nos servizos empresariais. De feito, as ocupacións que rexistran maior número de contratos (dependentes, limpadoras, camareiras...) responden a este perfil.

En calquera caso, para conseguir o obxectivo fundamental da incorporación definitiva da muller ao mundo laboral en igualdade de condicións cos homes, é necesario o compromiso de todos os axentes implicados para introducir avances significativos dentro do seu ámbito de competencias: os poderes públicos, con políticas específicas, medidas de acción e o desenvolvemento da rede de servizos de atención á infancia e a persoas dependentes; os axentes sociais, os empresarios e, por suposto, o conxunto da sociedade.









